



GASTOS

Deputación

IV. GASTOS

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 522,7 millóns de euros e un incremento do 1,9% con respecto ao ano anterior.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Sinálanse aquí os cambios máis salientables respecto do orzamento de 2019.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou case 10 millóns respecto á cifra de 2019 para o orzamento suma dos catro provinciais.

Dentro das operacións non financeiras, e en concreto, referíndonos ás operacións correntes, catro dos cinco capítulos experimentan un aumento con respecto ao ano 2019. Só o capítulo IV de transferencias correntes amosa un descenso do 6,1%. Por outra banda, as operacións de capital tamén experimentaron un descenso, neste caso do 4,3%. Derivado do anterior, as operacións non financeiras aumentaron un 1,3% respecto aos orzamentos do ano anterior.

O *capítulo I* incrementouse en 16,3 millóns de euros alcanzando 164,7 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 11%. Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 31,5%.

O **capítulo II** incrementouse en 2,1 millóns de euros, ata chegar á cifra de 104,2 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 2%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 19,9%.

Cadro 13. Orzamento de gastos do total das deputacións. 2018-2019.

CAPITULOS	2019		Increm. % Interanual	2020	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	148.352.678	28,9%	11,0%	164.698.542	31,5%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	102.154.765	19,9%	2,0%	104.216.472	19,9%
Gastos funcionamento dos servizos	250.507.443	48,9%	7,3%	268.915.013	51,4%
III. Xuros	321.788	0,1%	0,7%	324.059	0,1%
IV. Transferencias Correntes	117.415.232	22,9%	-6,1%	110.212.703	21,1%
V. Fondo continxencia e imprevisión	5.543.886	1,1%	2,3%	5.669.033	1,1%
Operacións Correntes	373.788.349	72,9%	3,0%	385.120.808	73,7%
VI. Investimentos Reais	53.478.454	10,4%	-6,8%	49.825.363	9,5%
VII. Transferencias de Capital	58.825.805	11,5%	-2,1%	57.613.191	11,0%
Operacións de capital	112.304.259	21,9%	-4,3%	107.438.554	20,6%
Operacións non financeiras	486.092.608	94,8%	1,3%	492.559.363	94,2%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	20.733.940	4,0%	16,7%	24.189.941	4,6%
IX. Variación Pasivos Financeiros	5.912.106	1,2%	1,0%	5.972.940	1,1%
Operacións financeiras	26.646.047	5,2%	13,2%	30.162.881	5,8%
TOTAL GASTOS	512.738.655	100%	1,9%	522.722.244	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

○ **capítulo III, de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou un lixeiro aumento en termos porcentuais, cun 0,7% máis que o dato de 2019, aínda que en termos de valor absoluto o importe é pouco significativo, só 324 mil euros.


No **capítulo IV** prodúcese un descenso do 6,1%, o equivalente a 7,2 millóns de euros. Sen embargo, a porcentaxe sobre o total de gastos no orzamento apenas experimentou variacións.

No **capítulo V** produciuse un aumento de 2,3% con respecto a 2019 (un aumento de apenas 125 mil euros en termos absolutos). O aumento debeuse principalmente á deputación de Lugo, onde o crecemento deste capítulo foi dun 14% con respecto a 2019.

○ **capítulo VI** de investimentos reais amosa un importante descenso para o total das deputacións. En concreto un 6,8% (case 3,7 millóns de euros menos que en 2019).


○ **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou un descenso dun 2,1%, é dicir, 1,2 millóns de euros menos que en 2019. As transferencias de capital aumentaron en todas as deputacións a excepción de A Coruña, cun descenso de case o 40%.

Cadro 14. Variacións anuais na estrutura de gastos. Total da CA de Galicia 2019-2020



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 35. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.

Con respecto ás operacións financeiras, o capítulo VIII de **variación de activos financeiros** experimentou un aumento con respecto a 2019, en concreto dun 16,7%. Foi o capítulo con maior incremento en termos porcentuais, cun total de 3,5 millóns máis que en 2019. O incremento debeuse ao incremento producido en A Coruña (de máis de 4 millóns de euros) o que compensou o importante descenso experimentado na provincia de Pontevedra (dun 78,6% con respecto a 2019, o que en termos absolutos foi de case 1 millón de euros).


O capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, apenas experimentou variación, cun aumento dun 1%, sendo en termos absolutos de moi escasa importancia (apenas 60 mil euros). Este aumento xunto coa do capítulo anterior, fixeron que as operacións financeiras descenderan en 3,5 millóns de euros (un 13,2% menos que no ano anterior). En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo pasa do 5,2% ao 5,8% en 2020.

Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2019, sintetízanse a grandes trazos a composición dos orzamentos de gastos e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:


- O 94,2% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 492,6 millóns de €, cun incremento do 1,3% respecto a 2019.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - O 73,7% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 385,1 millóns de €, cifra que é maior á de 2019, en concreto un 3%.
 - O 20,6% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 107,4 millóns de €, cun descenso, respecto ao ano 2019, dun 4,3%.
- O 5,8% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un incremento do 13,2%. En termos absolutos, o que máis aumentou foi o capítulo VIII con 3,5 millóns (un 16,7% máis que o ano anterior).

Gráfico 36. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 37. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orçamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 38. Estructura de gasto por tipo de operacións. 2020.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de Ourense é o que presenta a maior porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres na Coruña as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 12,6%.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes**, que presenta unha porcentaxe do 73,7% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento ourensán, no que o 78,8% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente, en Lugo a porcentaxe é do 76,6%, na Coruña do 74,5% e finalmente a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 68,3%.

Gráfico 39. Estructura de gasto. Detalle. 2020.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 65,3% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 42,5%, é dicir case 10 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 21,1% e que tiveron un crecemento interanual, teñen no orzamento de Ourense o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus case 11,6 millóns soamente absorben o 13,4% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 30% da Coruña ao 14,8% de Lugo, reflectindo un 18,5% en Pontevedra.

Ao igual que no apartado de ingresos engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 40. Estructura de gasto. Entidades Locais. 2020.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 86,5%, mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é case a metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un maior peso na estrutura de gastos das deputacións, 5,6% fronte ao 1,8% nos concellos.

Gráfico 41. Estructura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2020.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan case o 80% do total de gastos, fronte ao 52,6% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orçamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.


Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase que as proporcións nos orçamentos son moi similares. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe do 74,4% mentres que en España sitúanse na contorna do 73,3%. O mesmo ocorre cos gastos de capital e as operacións financeiras.

Gráfico 42. Orzamento deputacións. 2020.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Gráfico 43. Estrutura orzamento deputacións. Detalle. 2020.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

IV.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2020 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos a que atenden os gastos. Clasificaranse por áreas de gasto (hai seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

Gráfico 44. Orzamento total por áreas de gasto. 2020.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como ven sendo habitual, a área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2020 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 39,2% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é superior en 1,4 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da Entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 15. Orzamento 2020. Clasificación por programas de gasto. Orzamento sen consolidar.


Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓNES
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	36.565.450
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	6.169.755
	15 Vivenda e urbanismo	1.321.166
	16 Benestar comunitario	2.787.707
	17 Medio ambiente	4.656.797
2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.	81.159.168
	21 Pensións	10.011.832
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.479.043
	23 Servizos Sociais e promoción social	45.513.759
	24 Fomento do Emprego	16.250.517
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	71.456.727
	31 Sanidade	0
	32 Educación	10.262.714
	33 Cultura	34.728.913
	34 Deporte	15.230.611
4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	121.175.325
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	9.459.634
	42 Industria e enerxía	3.102.548
	43 Comercio, turismo e PEMES	9.100.383
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	68.099.941
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	325.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	3.728.445
9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	203.918.329
	91 Órganos de goberno	9.581.630
	92 Servizos de carácter xeral	55.094.809
	93 Administración financeira e tributaria	33.508.874
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	86.882.258
0	DÉBEDA PÚBLICA	6.139.799
	01 Débeda Pública	4.437.835
	TOTAL	520.414.798

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O importe da área 9 acende a 203,9 millóns de euros, que supón case 12 millóns máis que en 2019 (o 6,1% de crecemento con respecto ao ano anterior). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 86,9 millóns é a primeira política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións e representa o 16,7% do total e o 42,6% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 55 millóns de euros, o 27% desta área de gasto e o 10,6% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 6,4% do total de gastos.

Nos orzamentos provinciais de Pontevedra, A Coruña e Lugo esta área de gasto é a que presenta un maior porcentaxe nos seus gastos segundo a clasificación funcional. En Ourense a área 9 é superada pola 4 (actuacións de carácter económico).

Gráfico 45. Estructura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 121,2 millóns de euros e o 23,3% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, a destinada ás infraestruturas, como ven sendo habitual, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de algo mais de 68 millóns de euros en total que implica que o 13,1% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento das infraestruturas, 2,6 puntos porcentuais por debaixo do orzamento de 2019.

Como en anos anteriores, é no orzamento coruñés onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto, sen embargo en 2020 sufriu un notable descenso con respecto ao ano anterior, dun 16%.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, está a política de gasto 41 “Agricultura, gandería e pesca” con 9,5 millóns de euros e o 1,82% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e de Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 2% e 4% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, , presentan unha cifra de 81,2 millóns que representa o 15,6% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2020, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 8,8% do total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Produción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputación. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 71,5 millóns de euros, e unha porcentaxe do 13,7%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 48,6% da área de gasto e o 6,7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 36,6 millóns que representan o 7% do total, destacando a política de gasto destinada á Seguridade e mobilidade cidadá, cun total de 6,2 millóns de euros e representando un 1,2% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 25% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos, aínda que aumentou na contorna dun 9% con respecto ao ano anterior (debido ao notable aumento desta partida de gastos no orzamento de Lugo). O importe desta aérea é de 6,1 millóns de euros. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Lugo ten un importe escaso que alcanza apenas o 1% do seu orzamento, sen embargo experimentou unha subida de case o 900% con respecto ao ano anterior (pasando de 172 mil euros a 1,7 millóns de euros). E nos dous orzamentos restantes apréciase unha diminución dos gastos destinados a débeda, representando o 2% en Pontevedra e o 1% en Ourense.

Cadro 16. Orzamento das deputacións por programas de gasto.


2020 - Comparativa dos gastos											
Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.597.342	1%	6.714.005	7%	21.630.024	25%	5.624.079	3%	36.565.450	7%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	934.000	1%	3.168.737	4%	0	0%	2.067.018	1%	6.169.755	1%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	972.666	1%	0	0%	348.500	0%	1.321.166	0%
	16 Benestar comunitario	0	0%	483.148	1%	0	0%	2.304.559	1%	2.787.707	1%
	17 Medio ambiente	1.663.342	1%	2.089.453	2%	0	0%	904.002	1%	4.656.797	1%
2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN	37.382.015	20%	15.365.354	17%	5.904.017	7%	22.507.782	14%	81.159.168	16%
	21 Pensiones	10.011.630	5%	0	0%	0	0%	202	0%	10.011.832	2%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.606.581	1%	1.117.762	1%	0	0%	754.700	0%	3.479.043	1%
	23 Servizos Sociais e promoción social	16.614.319	9%	10.798.247	12%	0	0%	18.101.193	11%	45.513.759	9%
	24 Fomento do Emprego	9.149.485	5%	3.449.345	4%	0	0%	3.651.687	2%	16.250.517	3%
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER	27.337.076	15%	11.677.148	13%	11.234.488	13%	21.208.014	13%	71.456.727	14%
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	32 Educación	5.821.920	3%	2.608.048	3%	0	0%	1.832.747	1%	10.262.714	2%
	33 Cultura	16.092.077	9%	5.330.970	6%	0	0%	13.305.866	8%	34.728.913	7%
	34 Deporte	5.423.080	3%	3.738.130	4%	0	0%	6.069.401	4%	15.230.611	3%
4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONOMICO	48.493.817	26%	18.376.358	20%	27.359.374	32%	26.945.776	17%	121.175.325	23%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	1.902.000	1%	1.869.700	2%	0	0%	5.687.934	4%	9.459.634	2%
	42 Industria e enerxía	202.500	0%	2.847.202	3%	0	0%	52.845	0%	3.102.548	1%
	43 Comercio, turismo e PEMES	2.760.930	2%	2.847.202	3%	0	0%	3.492.250	2%	9.100.383	2%
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	45 Infraestruturas	39.787.900	22%	10.604.293	12%	0	0%	17.707.747	11%	68.099.941	13%
	46 Investigación, desenvolvemento e	299.000	0%	21.000	0%	0	0%	5.000	0%	325.000	0%
	49 Outras actuacións de carácter económico	3.541.486	2%	186.959	0%	0	0%	0	0%	3.728.445	1%
9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	67.756.250	37%	36.380.516	40%	18.850.758	22%	80.930.804	50%	203.918.329	39%
	91 Órganos de goberno	3.274.994	2%	3.152.406	3%	0	0%	3.154.230	2%	9.581.630	2%
	92 Servizos de carácter xeral	21.162.821	12%	16.715.432	19%	0	0%	17.216.556	11%	55.094.809	11%
	93 Administración financeira e tributaria	16.888.173	9%	5.202.520	6%	0	0%	11.418.182	7%	33.508.874	6%
	94 Transferencias a outras Administracións	26.430.263	14%	11.310.159	13%	0	0%	49.141.836	31%	86.882.258	17%
0	DÉBEDA PÚBLICA	0	0%	1.701.964	2%	721.340	1%	3.716.495	2%	6.139.799	1%
	01 Débeda Pública	0	0%	0	0%	721.340	1%	3.716.495	2%	4.437.835	1%
	TOTAL	183.566.500	100%	90.215.345	100%	85.700.000	100%	160.932.950	100%	520.414.798	100%

Fonte: información agregada das deputacións.

IV.3. VARIABLES DE GASTOS en relación coa poboación provincial

O total de gastos coincide co total de ingresos ao presentarse os orzamentos equilibrados. A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 61 €/hab. de media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 115€) e Lugo (con 101€), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 44,1€/hab. e en Pontevedra son 49,8 euros por habitante.

Gráfico 46. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos, dicir que presenta unha media do 31,5% lixeiramente superior ao ano 2019. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, cun 40,8%, que supera en 14 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña, que é a de menor porcentaxe. Por outra banda as porcentaxes das dúas restantes provincias aproxímanse ao dato da media, ao redor do 30%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (142,6), que se sitúa nos 214,4 €/hab en Lugo e 221,2 €/hab en Ourense.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 73,7%, sendo nos orzamentos de Lugo e Ourense os que presentan porcentaxes máis altas. O peso relativo na estrutura de gastos das operacións correntes flutúa entre o 78,8% de Ourense e o 68,3% de Pontevedra.

Cadro 17. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2020. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	164,1	279,8	280,7	170,4	193,6
Gastos de Persoal (Cap I)	44,1	101,0	115	49,8	61,0
% GP/GT	26,9%	36,1%	40,8%	29,2%	31,5%
Operacións Correntes (I ao V)	122,2	214,4	221,2	116,4	142,6
% OC/GT	74,5%	76,6%	78,8%	68,3%	73,7%
Operacións de Capital (VI+VII)	21,1	59,3	56,2	49,9	39,8
% OC/GT	12,9%	21,2%	20,0%	29,3%	20,6%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	20,7	6,1	3,3	4,2	11,2
% OF/GT	12,6%	2,2%	1,2%	2,4%	5,8%

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación, segue sendo, como en anos anteriores, a de Lugo, aínda que como xa se viu experimentou unha diminución tanto no seu total como neste agregado. A media de Galicia reflicte que se destinarán uns 39,8 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo os valores extremos os de Coruña, con 21,1 e Lugo, con 49,3 euros por habitante.


No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, foi en Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polo orzamento lucense.

Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), que como xa se viu experimentaron en 2020 un lixeiro aumento pasando dos 9,9 euros por habitante en 2019 aos 11,2 en 2020, para a medida de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato na Coruña, con 20,7 euros por habitante, seguido dos 6,1 €/hab. de Lugo e os 4,2 en Pontevedra, mentres que en Ourense soamente resulta 3,3 euro por habitante destinado a gastos financeiros. As porcentaxes reflicten datos parellos aos importes por habitante, sendo o da Coruña o único que supera a porcentaxe da media, e reflectindo o de Ourense o dato mais baixo xa que soamente o 1,2% do seu orzamento son gastos financeiros.

IV.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2020.

No período de análise o capítulo I de gastos de persoal, presenta unha traxectoria descendente entre 2013 e 2015, seguindo a tendencia iniciada en 2011, mentres que nos últimos anos medra ata o os 164,7 euros por habitante, o que supón un crecemento medio do 11% con respecto a 2019.

Gráfico 47. Variables de gastos de persoal (euros por habitante) período 2013-2020.



Fonte: información agregada das deputacións.


Cadro 18. Gastos de persoal 2013-2020. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	Inc. interanual medio
A Coruña	38,3	38,2	38,4	39,8	39,3	41,4	44,1	49,4	3,7%
Lugo	24,1	23,4	23,3	24,7	24,0	24,8	27,3	33,1	4,6%
Ourense	28,7	28,4	27,7	30,1	29,9	31,8	32,2	35,1	2,9%
Pontevedra	42,7	40,3	40,8	43,1	43,5	44,6	44,8	47,0	1,4%
Galicia	133,8	130,3	130,2	137,7	142,6	148,4	148,4	164,7	3,0%

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso dos gastos de persoal sobre o total dos gastos diminuíu dende 2013, pero o peso relativo aumenta dende o 2017 para situarse en valores similares a 2013, situándose no 31,51% en 2020 (despois dunha pequena caída en 2019).


Gráfico 48. Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos. 2013-2020.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 61€ por habitante de 2020, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.


Gráfico 49. Gastos de persoal por habitante 2013-2020.



Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta unha traxectoria decrecente desde 2010 ata 2014, aumentando o seu importe en 2015 e 2016 para volver a descender en tomo a un 10% anual nos dous últimos anos.

Gráfico 50. Evolución operacións de capital 2013-2020. Galicia.



Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2013-2020 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media anual do -1,2%, sendo negativa no caso das deputacións de A Coruña (-7%) e Lugo (-3,6%), mentres que as de Ourense e Pontevedra presentan unhas taxas medias anuais positivas do 6,7% e 1,7%, respectivamente, aínda que con distinta evolución temporal.


Cadro 19. Operacións de capital. 2013-2020. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	Inc. interanual medio
A Coruña	39,3	34,9	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	23,7	-7,0%
Lugo	25,1	20,8	22,5	28,3	28,3	19,0	28,3	19,4	-3,6%
Ourense	10,9	14,4	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	17,2	6,7%
Pontevedra	41,8	39,0	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	47,1	1,7%
Galicia	117,2	111,0	119,3	129,3	117,4	105,7	112,3	107,4	-1,2%

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2020 o volume das operacións de capital aumenta con respecto ao total do orzamento representa o 20,6%, algo mais un punto porcentual menos que no ano anterior, e case cinco puntos inferior ao ano 2013.

Gráfico 51. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.




Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións acadan os 107,4€ en 2020, descenso debido fundamentalmente, ás diminucións producidas en A Coruña e Lugo.

Lugo e Pontevedra son as provincias que presentan incrementos no último período, sendo Pontevedra a que amosa un maior importe diferenciado.

Gráfico 52. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.


IV.5. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese a estrutura básica dos gastos, na que se recollen os importes de operacións correntes e de capital que compoñen as operacións non financeiras, xunto ás operacións financeiras. Ademais tamén se inclúen os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de gastos.
- En segundo lugar, figura a táboa da clasificación funcional por áreas e programas de gastos e o gráfico no que se reflicte a composición de cada finalidade na estrutura total.
- En terceiro lugar, figura a táboa do orzamento inicial do 2020, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., coa comparación co ano 2019. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos nestes dous últimos anos.


IV.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2020.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2020. Detalle.




Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 20. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2019-2020.

CAPITULOS	2019		Increm. % Interanual	2020	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	44.095.987	24,0%	12,1%	49.421.511	26,9%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	26.509.538	14,4%	8,4%	28.732.525	15,6%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	70.605.525	38,5%	10,7%	78.154.036	42,5%
III. Xuros	66.000	0,0%	-7,6%	61.000	0,0%
IV. Transferencias Correntes	60.292.993	32,8%	-8,4%	55.222.243	30,0%
V. Fondo continxencia e imprev	3.672.200	2,0%	0,0%	3.672.200	2,0%
Operacións Correntes	134.636.717	73,3%	1,8%	137.109.479	74,5%
VI. Investimentos Reais	18.767.391	10,2%	-10,8%	16.746.250	9,1%
VII. Transferencias de Capital	11.424.421	6,2%	-39,3%	6.929.000	3,8%
Operacións de capital	30.191.812	16,4%	-21,6%	23.675.250	12,9%
Operacións non financeiras	164.828.529	89,8%	-2,5%	160.784.729	87,4%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	18.780.771	10,2%	23,7%	23.231.771	12,6%
IX. Variación Pasivos Financeiros					
Operacións financeiras	18.780.771	10,2%	23,7%	23.231.771	12,6%
TOTAL GASTOS	183.609.300	100%	0,2%	184.016.500	100%


Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2019-2020.



Fonte: Deputación de A Coruña.


Gráfico 56. Orzamento por áreas de gasto. 2020.



Fonte: Deputación de A Coruña.


IV.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2020.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2020.




Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 21..Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2018-2019.

CAPITULOS	2019		Increm. % Interanual	2020	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	27.292.577	30,9%	21,3%	33.115.966	36,1%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	26.694.384	30,2%	-15,6%	22.521.442	24,5%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	53.986.961	61,0%	3,1%	55.637.408	60,6%
III. Xuros	71.200	0,1%	33,0%	94.700	0,1%
IV. Transferencias Correntes	12.985.012	14,7%	4,6%	13.588.208	14,8%
V. Fondo continxencia e imprevisión	861.686	1,0%	14,5%	986.833	1,1%
Operacións Correntes	67.904.858	76,8%	3,5%	70.307.149	76,6%
VI. Investimentos Reais	12.227.448	13,8%	-7,8%	11.272.967	12,3%
VII. Transferencias de Capital	7.840.467	8,9%	4,2%	8.168.444	8,9%
Operacións de capital	20.067.915	22,7%	-3,1%	19.441.411	21,2%
Operacións non financeiras	87.972.773	99,4%	2,0%	89.748.560	97,8%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	380.769	0,4%	0,0%	380.769	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	113.464	0,1%	1322,0%	1.613.464	1,8%
Operacións financeiras	494.234	0,6%	303,5%	1.994.234	2,2%
TOTAL GASTOS	88.467.007	100%	3,7%	91.742.794	100%


Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2019.



Fonte: Deputación de Lugo.


Gráfico 60. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2020.



Fonte: Deputación de Lugo.


IV.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 61. Orzamento de gastos. Ourense. 2020



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2020




Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 22. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2019-2020.

CAPITULOS	2019		Increm. % Interanual	2020	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	32.158.321	38,9%	9,2%	35.127.307	40,8%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	19.696.924	23,8%	7,1%	21.088.438	24,5%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	51.855.245	62,7%	8,4%	56.215.745	65,3%
III. Intereses	13.961	0,0%	37,1%	19.139	0,0%
IV. Transferencias Corrientes	13.065.470	15,8%	-11,5%	11.562.799	13,4%
V. Fondo contingencia e imprev	10.000	0,0%	0,0%	10.000	0,0%
Operacións Corrientes	64.944.676	78,5%	4,4%	67.807.683	78,8%
VI. Inversións Reais	12.233.546	14,8%	1,1%	12.369.372	14,4%
VII. Transferencias de Capital	4.052.911	4,9%	19,6%	4.845.744	5,6%
Operacións de capital	16.286.457	19,7%	5,7%	17.215.116	20,0%
Operacións non financeiras	81.231.133	98,2%	4,7%	85.022.800	98,8%
OPERACIONES FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	1,7%	305.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.168.867	1,4%	-39,9%	702.200	0,8%
Operacións financeiras	1.468.867	1,8%	-31,4%	1.007.200	1,2%
TOTAL GASTOS	82.700.000	100%	4,0%	86.030.000	100%


Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2020



Fonte: Deputación de Ourense.


Gráfico 64. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2020.



Fonte: Deputación de Ourense.


IV.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2020.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2020.




Fonte: Deputación de Pontevedra.

Cadro 23. Orzamento de gasto por capítulos. Pontevedra. 2019-2020.

CAPITULOS	2018		Increm. % Interanual	2019	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	44.632.380	28,5%	0,4%	44.805.793	28,4%
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	29.507.655	18,8%	-0,9%	29.253.919	18,5%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	74.140.035	47,3%	-0,1%	74.059.712	46,9%
III. Intereses	209.950	0,1%	-18,7%	170.627	0,1%
IV. Transferencias Correntes	29.223.723	18,6%	6,3%	31.071.758	19,7%
V. Fondo continxencia e imprevisión	1.000.000	0,6%	0,0%	1.000.000	0,6%
Operacións Correntes	104.573.708	66,7%	1,7%	106.302.097	67,3%
VI. Inversións Reais	10.208.911	6,5%	0,4%	10.250.069	6,5%
VII. Transferencias de Capital	34.381.006	21,9%	3,3%	35.508.007	22,5%
Operacións de capital	44.589.917	28,4%	2,6%	45.758.076	29,0%
Operacións non financeiras	149.163.625	95,1%	1,9%	152.060.173	96,3%
OPERACIÓNS FINANZEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.272.400	0,8%	0,0%	1.272.400	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	6.436.275	4,1%	-28,1%	4.629.775	2,9%
Operacións financeiras	7.708.675	4,9%	-23,4%	5.902.175	3,7%
TOTAL GASTOS	156.872.300	100%	0,7%	157.962.348	100%


Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2020.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 68. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2020.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

